



DATOS IDENTIFICATIVOS

Estatística: Estatística

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Estatística: Estatística | | | |
| Código | P51G140V01106 | | | |
| Titulación | Grao en Enfermería | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Departamento da E.U. de Enfermería (Pontevedra) | | | |
| Coordinador/a | Fontúrbel Lliteras, M ^a Teresa | | | |
| Profesorado | Fernández Méndez, María José Fontúrbel Lliteras, M ^a Teresa González García, María | | | |
| Correo-e | fonturbellliteras@hotmail.com | | | |
| Web | http://www.enfermeria.depo.es | | | |
| Descrición xeral | Materia do módulo de formación básica obligatoria. | | | |

Competencias

| Código | Descrición |
|--------|--|
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B6 | Aplicar as intervencións da enfermería na evidencia científica e nos medios dispoñibles |
| B16 | Ser capaz de utilizar os sistemas de información sanitaria |
| C8 | Aplicar as tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos coidados de saúde. |
| D1 | Capacidade de análise e síntese |
| D2 | Capacidade de organización y planificación |
| D3 | Capacidade de xestión da información |
| D4 | Resolución de problemas e toma de decisións |
| D7 | Razoamento crítico |
| D9 | Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade. |
| D11 | Sensibilidade cara a temas ambientais |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|--|---------------------------------------|
| Saber identificar, planificar e resolver un problema estadístico. Coñecer os fundamentos da probabilidade e as medidas utilizadas para describir, resumir, comparar e estimar a información. | A1 B6 C8 D1 |
| | A2 B16 D2 |
| | A3 D3 |
| | A4 D4 |
| | A5 D7 |

| | | | | |
|--|----------------------------|-----------|----|-----------------|
| Ser capaz de adquirir elementos de xuízo crítico para valorar a súa utilización na resolución de problemas e toma de decisións nas Ciencias da Saúde | A1 A2 A3 A4 A5 | B6 B16 | C8 | D4 D7 D11 |
| Ser capaz de aplicar as tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos cuidados da saúde (TIC) | A1 A2 A3 A4 A5 | B16 | C8 | D9 D11 |

Contidos

| Tema | |
|---|--|
| TEMA 1. Introducción ao método estatístico. | 1. Estatística descritiva e estatística indutiva. 2. Poboación e mostra. 3. Métodos de mostraxe. 4. Tipos de variables. |
| TEMA 2. Organización dos datos. | 1. Distribucións de frecuencias. 2. Táboas de distribución de frecuencias. 3. Representacións gráficas. |
| TEMA 3. Análise descritivo dos datos | 1. Medidas de tendencia central 2. Parámetros de posición 3. Medidas de dispersión |
| TEMA 4. Series estatísticas de dúas variables | 1. Correlación lineal 2. Regresión |
| TEMA 5. Modelos de distribucións | 1. Distribución normal 2. Distribución t de Student 3. Distribución binomial 4. Distribución de Poisson |
| TEMA 6. Introducción ás técnicas de inferencia estatística | 1. Estimación de parámetros. 2. Probas de hipótese. 3. Intervalos de confianza 4. Significación estatística |
| TEMA 7. Probas de hipóteses para variables cualitativas | 1. A proba chi-cuadrado. |
| TEMA 8. Tecnoloxías da información e da comunicación | 1. Os fundamentos das tecnoloxías da información e as comunicacións: Conceptos básicos. 2. Sector multimedia. Internet e tecnoloxías asociadas. 3. Servizos e ferramentas dispoñibles en Internet. |
| TEMA 9. Uso e manexo das tecnoloxías para o tratamento da información | 1. Organización de datos, realización de cálculos e gráfico empregando o ordenador. 2. Elaboración e publicación de documentos mediante ferramentas on line dispoñibles en internet |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 30 | 30 | 60 |
| Prácticas con apoio das TIC | 6 | 18 | 24 |
| Traballo tutelado | 10 | 40 | 50 |
| Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) | 2 | 6 | 8 |
| Exame de preguntas obxectivas | 1 | 0 | 1 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 1 | 0 | 1 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 2 | 4 | 6 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-----------------------------|---|
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |
| Prácticas con apoio das TIC | Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo, desenvolvidas en aulas de informática. |
| Traballo tutelado | O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante. |

Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de maneira autónoma.

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-----------------------------|---|
| Prácticas con apoio das TIC | Apoio directo e persoal en relación ao uso dos programas de análise de datos (SPSS, Excel...) |
| Traballo tutelado | Aclaración de dudas na resolución de exercicios cos programas de análise de datos (SPSS, Excel...). |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|--|--|---------------|---------------------------------------|-----|----|----|
| Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) | Realizar dúas actividades prácticas guiadas, a proposta do profesorado, presentándoas no tempo e forma establecido para ser cualificadas. Consistirán na análise dun problema ou suceso real coa finalidade de describilo, interpretalo, xerar hipótese, contrastar datos e obter conclusións que permitan mellorar o coñecemento do problema. As datas límite da recepción destas actividades serán indicadas a través do campus virtual. É necesario alcanzar un 50% do valor total das dúas prácticas para superar a materia. | 40 | A1 | B16 | C8 | D1 |
| | | | A2 | | | D2 |
| | | | A3 | | | D3 |
| | | | A4 | | | D7 |
| | | | A5 | | | |
| Exame de preguntas obxectivas | Proba final: preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Aplicarase unha fórmula de desconto nas respostas erradas. As datas de realización serán: 1ª oportunidade: 25-05-2021 18h. 2ª oportunidade: 8-07-2021 18h. | 20 | A1 | | | D1 |
| | | | A2 | | | D3 |
| | | | A3 | | | D4 |
| | | | A4 | | | D7 |
| | | | A5 | | | D9 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Proba final: preguntas directas sobre un aspecto concreto que o alumnado debe responder de forma directa e breve. As datas de realización serán: 1ª oportunidade: 25-05-2021 18h. 2ª oportunidade: 8-07-2021 18h. | 10 | | | | |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Proba final: exercicios de estatística aplicada. As datas de realización serán: 1ª oportunidade: 25-05-2021 18h. 2ª oportunidade: 8-07-2021 18h. | 30 | A1 | B6 | | D1 |
| | | | A2 | | | D2 |
| | | | A3 | | | D3 |
| | | | A4 | | | D4 |
| | | | A5 | | | D7 |
| | | | | | | D9 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

É necesario alcanzar un 50% do valor das tres partes do exame (preguntas obxectivas, preguntas de desenvolvemento e resolución de problemas e/ou exercicios) para superar a materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

M. T. Icart Isern, M. L. Torrents García, B. Bermejo Fraile, J. Canela Soler., **ENFERMERIA COMUNITARIA. EPIDEMIOLOGIA. Parte I. ESTADISTICA,**

Morton, R. F. y Hebel, J. R., **BIOESTADISTICA Y EPIDEMIOLOGIA,**

Sergas, **Paxina web da consellería de sanidade, do servizo galego de saúde.** www.sergas.es,

Xunta, **Iniciativas de modernización e innovación tecnolóxica.** <http://imit.xunta.es/>,

Universidad de Málaga, **Universidad de Málaga.** www.bioestadistica.uma.es/libro/,

INE, **Paxina web INE e do IGE.** www.ine.es,

OMS, **Portal de la OMS:** <http://www.who.int/en/>,

Recomendacións

Descrición

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=====

A conversión da actividade docente presencial a no presencial require da adaptación das Guías Docentes, por iso e co obxecto de contemplar alternativas ante as anteditas circunstancias elaborouse o plan de continxencia baseado na experiencia e cambios producidos do curso 2019-2020 pola conversión da actividade docente presencial en non presencial. Para elo, elaborouse un modelo común a todas as materias en aqueles apartados modificables das guías docentes, do curso 2020-2021, cun deseño que poida ser adaptado con facilidade para permitir un adecuado tránsito da modalidade de docencia, de ser o caso.

Como título que habilita para la profesión regulada de enfermeiro/a, (CIN 2134/2008) as modificacións afectan só a aqueles apartados/descriptores incluídos nas guías docentes que puideron ser adaptados pola dirección do centro e coordinación do título no centro, non sendo posible as modificacións das competencias, os resultados de aprendizaxe e os contidos. Non se modifica nin os horarios de clase(salvo acordo previo co estudando implicado) nin o calendario de avaliación. O plan de continxencia foi aprobado na Xunta de centro de 13 de xullo de 2020.

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS DOCENTES, TITORÍAS E ATENCIÓIN PERSONALIZADA NON PRESENCIAL:

As metodoloxías docentes e as ferramentas telemáticas utilizadas son as que están postas pola Uvigo a disposición do alumnado e o profesorado. A ferramenta máis potente posta a disposición para esta modalidade de docencia virtual síncrona e bidireccional co alumando é a webconferencia, a conexión en tempo real, e o uso do chat en liña

□ Titoría: Mantense a atención titorial no horario establecido na Guía Docente utilizando para iso ferramentas síncronas (videoconferencias, conversación telefónica, etc.) e asíncronas (foros, correo electrónico, etc.) que permitan reforzar a acción orientadora e de seguimento do alumnado.

□ Atención personalizada: Por e-mail, Faitic, videochamada e a través do campus remoto: aula e despacho virtual.

□ Planificación horaria: as horas presenciais planificadas segundo o cronograma diario da materia preestablecido e coñecido polo alumando e o profesorado, non se modifican e pasan a realizarse de xeito non presencial, seguindo o horario establecido

□ Lección maxistral: fanse polo aula virtual, videoconferencia; clases gravadas dos contidos da materia polo profesorado; vídeos con Screencast, MP4, e outros medios audiovisuais, a través de Faitic, e axuda das ferramentas de Moodle, e aulas en directo, seguindo os horarios de clase establecidos.

□ Traballo tutelado; presentacións virtuais; traballo de aula; realízanse a través de videoconferencia, no aula e despacho virtual, seguindo o cronograma diario.

□ Seminarios: utilízase o material audiovisual a través de Faitic, e as ferramentas de Moodle para a resolución de casos clínicos, prácticos, etc. , seguindo o cronograma diario.

ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN:

□ A avaliación da materia está orientada á avaliación continua. Pasa a realizarse se xeito non presencial mantendo o deseño e ponderación das probas que figuran nas guías docentes.

□ Para a realización das probas de avaliación utilízanse as ferramentas non presenciais recollidas no Manual de urxencia para a docencia e a avaliación debido á Covid-19 e outras postas a disposición da Uvigo (campus remoto, aulas e despachos virtuais, etc.) utilizando as ferramentas soportadas polas plataformas Claroline e/ou Moodle.

RECOMENDACIÓNS FINAIS: en función do momento no que se produza o paso á actividade en liña e a súa duración:

□ Dadas as circunstancias, facilítase ao alumnado a bibliografía, recursos y enlaces recomendados para el aprendizaje no presencial da materia como alternativas á bibliografía básica e/ou complementaria indicada nas Guías Docentes.

□ As actividades presenciais previstas nas guías docentes pódense fraccionar para incrementar a súa frecuencia e favorecer que o estudando manteña o seu ritmo de traballo e a súa motivación.

□ Pódense activar os foros dispoñibles en FÁitic

□ Manterase unha comunicación continua a través do tablón de anuncios de Faitic.

□ Difúndirase e comunicárase ao alumando os cambios introducidos en calquera aspecto da docencia

□ Difúndirase e comunicárase ao alumando as instrucións precisas previas para o adecuado desenvolvemento das probas de avaliación.

